ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CD3TCP000300	Vestiario á medida e de espectáculos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA FARTO RAMOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Itinerario persoal para a empleabilidade cursase no 1º ano do ciclo superior de Vestiario a Media e de Espectáculos que se imparte no CIFP PASEO DAS PONTES

A finalidade deste módulo é a de contribuír a que o alumnado coñeza as variables in dividuais que pode desenvolver ao longo da vida e que redunden na mellora da súa empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioprodutivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente, que se pretende que o alumnado coñeza.

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao medio e de grao superior, terá como finalidades establecidas na resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25:

a) Coñecer as variables individuais que se poden desenvolver ao longo da vida e que contribuirán á mellora da empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioprodutivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente.
b) Coñecer os itinerarios formativos e profesionais que axuden ao alumnado a adaptar o proceso de aprendizaxe ás súas vocacións, ás súas necesidades e aos seus intereses propios de cara á súa futura inserción laboral ou para continuar coa súa formación.
c) Adquirir as competencias necesarias para a desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Uso de distintos métodos que favorezan no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo, con perspectiva de xénero.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado e resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Manexo de diferentes fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao perfil profesional do ciclo formativo cursado.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade e do espírito científico.
- Desenvolvemento dunha perspectiva teórico-práctica que suscite o coñecemento de xeito gradual e iterativo.
- Estudo das condicións de traballo do sector profesional en que se encadre o ciclo formativo cursado a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector correspondente.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita ao alumnado a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- Afondamento do alumnado nos contidos e nas competencias de xeito que reforce a súa adquisición progresivamente e sexa quen de empregalos para elaborar os plans que forman o proxecto persoal, académico-profesional e de aproximación á procura activa de emprego.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

O correcto desenvolvemento deste módulo exixe:

- Procura, manexo e procesamento da información dispoñible nas fontes oficiais, polo que se fai imprescindible dispor de computadores conectados á internet na aula, así como contar con dúas sesións de clase seguidas, polo menos, unha vez á semana.
- Fomento de espazos de comunicación e participación na aula, que han contribuír ao desenvolvemento de actitudes e aptitudes relevantes para a súa inserción laboral.
- Promoción da aprendizaxe autónoma, esencialmente co uso e o aproveitamento das ferramentas e dos recursos didácticos dixitais dispoñibles.
- Traballo coordinado co profesorado dos módulos profesionais do ciclo, sinaladamente para a abordaxe dos contidos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Deseño de contido curricular contextualizado ao contorno produtivo e socioeconómica do título, e considerando as perspectivas de futuro deste.
- Elaboración de actividades eminentemente prácticas que supoñan un grao correcto de desafío para xerar ideas e reforzar habilidades que redunden na mellora da empregabilidade do alumnado.
- Facilitación da interacción cos organismos oficiais relacionados co ámbito laboral, co emprego, coa seguridade e a saúde laboral, e coa protección social, entre outros.
- Secuenciación dos contidos de xeito que o alumnado se poida incorporar ao período de formación na empresa ou no organismo equiparado en condicións de seguridade.

Ambito produtivo:
O concello e a súa bisbarra está especialemente vinculados co sector téxtil, experimentando un constante crecemento e profesionalización. Por iso é un ciclo moi demendado, e na súa impartición cóntase coa colaboración de empresas do sector coas co centro mantén relacións fuídas, tanto dende o punto de vista da realizaciónd o módulo de FCT como da posterior colocación do alumnos a través da Bolsa de Emprego.
O alumnado está especialmente motivado e cada vez máis cualificado, debido, nunhas ocaións, a sú formación previa e, noutras á súa experiencia profesional que, amiúdo simultanea cos seus estudios.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprend	Resultados de aprendizaxe			
					170912	170922			
					RA 1	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	A prevención de riscos laborais.	Coñecemento dos conceptos básicos da prevención de riscos, clasificación dos factores de risco laboral e a sua prevención, identificación de danos na saúde dos traballadores, organización e xestión da prevención de riscos na empresa, emerxencias e primeiros auxilios	50	40	X				
2	O sector profesional	Identificación do sector profesional do título; determinación das cualificacións profesionais e valoración das aptitudes e actitudes profesionais	5	5		X			
3	A relación laboral	Introdución ao dereito do traballo; identificación e características dos contratos; determinación da xornada de traballo e salario; modificación, suspensión e extinción do contrato; participación dos traballadores na empresa; estrutura e funcionamento do sistema da Seguridade Social e principais prestacións destinadas aos traballadores; requisitos e condicións	30	30					X
4	o itinerario profesional	Determinación das cualidades e competencias persoais do título profesional; itinerarios formativos relacionados co título; proxecto profesional: identificación de expectativas e metas profesionais, análise DAFO para a inserción laboral, formulación de obxectivos e planificación da acción.	12	15			X		
5	Marca persoal para o emprego	Determinación da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional; configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe; Identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade e deseño da contorna de aprendizaxe para alcanzar o desenvolvemento individual	10	10				X	
		Total:	107						

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais.	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Tomar conciencia da relación entre traballo e saúde 1.2 Analizar os principais danos profesionais nas contornas de traballo do sector profesional relacionados co ciclo formativo	1	Saúde laboral	15,0
2.1 Identificar e clasificar os riscos dos postos de traballo do sector profesional do título 2.2 Sinalar medidas preventivas e de protección adecuadas en función dos riscos laborais	2	Riscos profesionais: avaliación, prevención e protección	15,0
3.1 Distinguir as diferentes formas de organizar a prevención na empresa 3.2 Comprender o dereito de participación dos traballadores en materia de prevención	3	Xestión da prevención	10,0
4.1 Identificar os protocolos de actuación en caso de emerxencia 4.2 Determinar as técnicas de primeiros auxilios	4	Situacións de emerxencia e primeiros auxilios na empresa	10,0
		TOTAL	**50**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título			0
CA1.1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	• TO.1 - Dinámicas de aula	S	2

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1.2 Identificouse e clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.	• PE.1 - Exame-1	S	20
CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais	• LC.1 - Dossier casos prácticos	S	10
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias			0
CA1.3.1 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado.	• LC.2 - Dossier casos prácticos	S	5
CA1.3.2 Definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.	• PE.2 - Exame-1	S	20
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia	• TO.2 - Dinámicas de aula	N	4
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais	• PE.3 - Exame-1	S	10
CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos	• LC.3 - Dossier casos prácticos	S	10
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste	• TO.3 - Dinámicas de aula	N	4
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención	• LC.4 - Dossier casos prácticos	N	5
CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios	• LC.5 - Traballo primeiros auxilios	N	10
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco normativo.
0Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Principais técnicas de prevención.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Composición da caixa de primeiros auxilios.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
0Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Relación entre traballo e saúde.
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Saúde laboral - Nesta actividade realizamos unha aproximación á prevención de riscos laborais e á súa organización e xestión dentro do ámbito empresarial mediante a resolución de pequenos casos prácticos e dinámicas plantexadas na aula	• Presenta o módulo • Introduce os conceptos fundamentais en materia de prevención de riscos laborais e orienta ao alumnado na resolución dos retos • Elabora e adapta casos prácticos adaptados ao sector profesional	• Análise e resolución de casos prácticos • Resolve os retos prácticos combinando o traballo da clase co traballo no seu domicilio • Realiza a proba escrita ao final da unidade	• Resolución de casos prácticos, • Proba escrita	• Aula virtual • Libro de Texto Paraninfo • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.1 - Dossier casos prácticos • LC.4 - Dossier casos prácticos • PE.1 - Exame-1 • PE.3 - Exame-1 • TO.1 - Dinámicas de aula	15,0
Riscos profesionais: avaliación, prevención e protección - Nesta actividade, de forma grupal e individual, o alumnado resolverá diferentes supostos en relación a identificación e avaliación de riscos laborais para unha empresa do sector do título, sí como as medidas necesarias para evitalos ou reducilos	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos casos por parte do alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas. Coordinación profesorado taller para control riscos nas aulas-taller • Elabora a proba escrita	• Busca e procesa información e resolve os retos prácticos combinando o traballo grupal e individual • Realiza a proba escrita ao final da unidade	• Resolución de casos, táboas de avaliación riscos aulas-taller • Proba escrita	• Aula virtual • Libro de texto paraninfo, material facilitado polo profesora aula virtual • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.2 - Dossier casos prácticos • PE.2 - Exame-1	15,0
Xestión da prevención - Determinaránse as etapas e accións na xestión da prevención nunha empresa valorando a participación dos traballadores na mesma.	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar na actividade. • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas. Adapta xestión da prevención ao sector do grupo • Elabora o guión do traballo	• Busca e procesa información e resolve distintos retos prácticos combinando o traballo da clase co traballo no seu domicilio • Entrega traballo xestión da prevención aula virtual	• Traballo xestión da prevención	• Libro de texto, lexislación • Aula virtual • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.3 - Dossier casos prácticos • TO.3 - Dinámicas de aula	10,0
Situacións de emerxencia e primeiros auxilios na empresa - Analizarase a actuación ante diversas situacións de emerxencia e as	• Introduce os contidos e presenta o material e os	• Asiste e participa no taller de primeiros auxilios impartido	• Posta en común principais maniobras primeros auxilios.	• Aula virtual	• LC.5 - Traballo primeiros auxilios	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
técnicas básicas de primeiros auxilios	recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas. Actualización de videos axuden tarefas primeiros auxilios. • Xestiona e introduce a realización do taller de primeiros auxilios	por un técnico profesional de protección civil • Busca información, visualiza os videos para logo facer exposición das maniobras de primeiros auxilios asinadas	• Taller de primeiros auxilios	• Libro de texto, videos cruz vermella, charla técnico protección civil • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• TO.2 - Dinámicas de aula	
					TOTAL	50,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O sector profesional	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o perfil profesional e as súas características identificando o sector produtivo 1.2 Determinar as posibles saídas profesionais do ciclo formativo 1.3 Analizar as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector profesional	1	O perfil profesional do título	5,0

TOTAL	**5**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional	• LC.1 - Traballo en equipo: saídas profesionais	S	30
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado	• TO.1 - Dinámica de aula	N	10
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo	• LC.2 - Porfolio individual-1	N	60
		TOTAL	**100**

4.2.e) Contidos

Contidos
Traballo na Administración pública.
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O perfil profesional do título - Manexo do curriculo do ciclo para comprender a competencia que se acada co ciclo, o sector profesional, as compentencias necesarias e opcións profesionais que conleva	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Procura información sobre saídas profesionais no sector do ciclo • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas	• Busca, selecciona e procesa información e colabora co equipo no traballo de saídas profesionais no sector • Realiza porfolio de competencias e intereses	• Traballo equipos saídas profesionais; porfolios intereses	• Material de clase , libro de texto • Aula virtual • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.1 - Traballo en equipo: saídas profesionais • LC.2 - Porfolio individual-1 • TO.1 - Dinámica de aula	5,0
					TOTAL	5,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A relación laboral	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os dereitos e deberes derivados dunha relación laboral 1.2 Analizar as características das novas contornas organizativas	1	A relación laboral e o convenio colectivo	7,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.3 Determinar os dereitos e obrigacións do traballador nas novas contornas de organización do traballo 1.4 Recoñecer e examinar as condicións pactadas nun convenio colectivo aplicable á industria alimentaria			
2.1 Identificar quen pode asinar válidamente un contrato de traballo 2.2 Analizar os elementos dun contrato de traballo 2.3 Desenvolver e comparar as principais modalidades de contratación 2.4 Identificar os diferentes modelos oficiais de contratos 2.5 Examinar as características das ETT e o contrato de posta ao dispor	2	O contrato de traballo	6,0
3.2 Analizar os diferentes elementos do recibo de salarios 3.3 Identificar os diferentes tipos de salarios 3.4 Determinar os pagamentos e deducións dun recibo de salarios 3.1 Diferenciar as percepcións salariais e non salariais	3	Salario e tempo de traballo	4,0
4.1 Analizar os cambios que poden producirse nas condicións de traballo pactadas 4.2 Identificar e diferenciar as causas de suspensión do contrato de traballo 4.3 Determinar as causas de extinción do contrato de traballo 4.4 Identificar e seleccionar os diferentes recursos do traballador para resolver os conflitos na relación laboral	4	Modificacións na relación laboral	8,0
5.1 Identificar e valorar a importancia do sistema e réximes da Seguridade Social 5.2 Determinar as obrigacións do empresario e traballador respecto a a Seguridade Social 5.3 Coñecer as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral	5	A Seguridade Social	5,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
5.4 Identificar os requisitos que dan dereito ás diferentes prestacións da Seguridade Social e as suas características 5.5 Realizar cálculos básicos para determinar a contía da prestación por desemprego			
		TOTAL	**30**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título			0
CA4.1.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral.	• PE.1 - Exame-2	S	10
CA4.1.2 Analizáronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.	• LC.1 - Rúbrica análise convenio colectivo do sector	S	10
CA4.2 Compararonse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais			0
CA4.2.1 Compararonse as principais modalidades de contratación.	• PE.2 - Exame-2	S	10
CA4.2.2 Localizáronse os modelos nas fontes oficiais	• TO.1 - Tarefa de clase: busca e identificación de modelos oficiais de contratos	S	5
CA4.3 Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo	• LC.2 - Tarefa de clase: canva identificación novas contornas de traballo e características das mesmos	N	15
CA4.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario	• PE.3 - Caso práctico- Nómina	S	15
CA4.5 Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral	• LC.3 - Dossier casos prácticos	S	15
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía	• TO.1 - Tarefa de clase: casos prácticos estructura e funcionamiento do sistema da Seguridade Social	N	5
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral	• PE.4 - Caso práctico_ Prestación desemprego	S	15
		TOTAL	**100**

4.3.e) Contidos

Contidos
Seguridade Social e estado do benestar.
0Retos laborais derivados da contorna dixital.
Análise da relación laboral individual.
Análise do recibo de salario e das súas partes.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Dereito do traballo.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.
Conflitos colectivos na empresa.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A relación laboral e o convenio colectivo - Levarase a cabo unha introducción ao dereito do traballo e a relación laboral mediante casos prácticos e dinámicas relacionadas cos contidos da unidade e un convenio colectivo do sector profesional	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas no manexo do convenio colectivo • Elabora a proba escrita e adapta casos prácticos	• Busca e procesa información e resolve distintos casos prácticos • Realiza dossier casos prácticos o entrega na aula virtual • Realiza proba escrita	• Análise do convenio colectivo • Proba escrita • Dossier casos prácticos	• Aula virtual • Material de clase (unidade didáctica, convenio colectivo vixente e lexislación laboral), libro de texto • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.1 - Rúbrica análise convenio colectivo do sector • LC.2 - Tarefa de clase: canva identificación novas contornas de traballo e características das mesmos • PE.1 - Exame-2	7,0
O contrato de traballo - Nesta actividade determinaránse as modalidades vixentes de contratos e principais características empregando información obtiva nas fontes oficiais	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas • Elabora a proba escrita e adapta casos prácticos ao sector profesional, tendo en conta os cambios lexislastivos	• Busca e procesa información e resolve distintos casos prácticos • Realiza a proba escrita ao final da unidade • Dossier casos prácticos	• Proba escrita • Dossier casos prácticos	• Aula virtual • Material de clase (unidade didáctica e retos) facilitado pola profesora, libro de texto. Lexislación. Webs Seguridade Social e Contrat@ • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• PE.2 - Exame-2 • TO.1 - Tarefa de clase: busca e identificación de modelos oficiais de contratos	6,0
Salario e tempo de traballo - Analizar e comprender os compoñentes do recibo de salarios (retribucións salariais e non salariais, bases de cotización, achegas á seguridade social e retención do IRPF), establecendo relación co tempo de traballo	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar polo alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas. Adapta a plantilla de nómina aos cambios lexislativos • Elabora a proba escrita	• Busca e procesa información e resolve distintos casos prácticos na preparación da proba escrita • Realiza a proba escrita ao final da unidade	• Proba escrita, dossier casos.	• Aula virtual • Material de clase (unidade didáctica e retos) facilitado polo profesor • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• PE.3 - Caso práctico- Nómina	4,0
